


..... Lección 6 .....

# Luces, cámara... acción!

# O audiovisual



- 1 Plató
- 2 Decorado
- 3 Foco
- 4 Actriz
- 5 Presenador
- 6 Alfombra

- 7 Altofalante
- 8 Ordenador
- 9 Butaca / asento
- 10 Cámara
- 11 Director
- 12 Cadeira de tixeira

- 13 Claqueta
- 14 Bobina
- 15 Pantalla
- 16 Megáfono



## O pronome persoal

### Serie tónica

	Singular	Plural	
<b>1ª persoa</b>	eu	nós / nosoutros, -as	<b>Eu</b> vou á escola
<b>2ª persoa</b>	ti	vós / vosoutros, -as	<b>Ti</b> levas as nenas no colo
<b>3ª persoa</b>	el, ela	eles, elas	<b>Ela</b> traballa aí

### Serie átona

	Singular	Plural	
<b>1ª persoa</b>	me	nos	Tróuxome caramelos
<b>2ª persoa</b>	te (OD) che (OI)	vos	Díxoche que si
<b>3ª persoa</b>	o, a   lo, la   no, na (OD) lle (OI)	os, as	Viuna pola rúa

O pronome persoal átono, habitualmente vai despois do verbo. Con todo, tamén pode ir antes nos seguintes casos:

#### Palabras que indican negación

- Non **che** contei as novidades

#### Cos interrogativos

- Como **lle** dixeches iso?

#### Coas conxuncións subordinadas

- Díxenlle que **che** trouxera pronto a comida

#### Cos indefinidos

- Alguén **te** chamou antes



## As contraccións dos pronomes con preposición

	Contraen
<b>De e en</b>	De+el/ela/eles/elas: del/dela/deles/delas En+ el/ela/eles/elas: nel/nela/nelos/nelas
<b>Con</b>	Con+min: comigo Con+ti: contigo Con+el/ela: consigo Con+nós: connosco Con+vós: convosco

**Expresar gusto**

**Gústame / non me gusta**

·Moitísimo.....> Moito.....> Bastante.....> Algo.....> Nada

**Facer recomendacións**

<p><b>Recoméndoches/lle/nos/vos/lles</b>  <b>Non che recomendo</b>  <b>O mellor é</b>  <b>O máis axeitado é</b></p>	<p>+infinitivo</p>	<p>Recoméndoches ver a serie <i>Mareas Vivas</i></p>
<p><b>Recoméndoches/lle/nos/vos/lles</b>  <b>Non che recomendo</b>  <b>O mellor é que</b>  <b>O máis axeitado é que</b></p>	<p>+ verbo en forma persoal</p>	<p>Recoméndoches que vexas a película <i>A illa das mentiras</i></p>

**Expresar opinión sobre algo**

**Interésame** calquera película de terror.

**Paréceme** que é unha serie moi aburrida.

**Creo que** esa película é moi interesante.

**Prefiro** unha serie longa a unha curta.

**Opino que** é mellor escoller unha serie que teña varias tempadas.

**Ligazóns de interese**

- >> 10 series e películas en galego para ver en streaming (Balea.gal)
- >> A Esmorga
- >> Arale
- >> As bólas máxicas
- >> Blog sobre o cine galego
- >> Continental
- >> Dicionario galego da televisión
- >> En serie (as series da TVG)
- >> Información sobre o Xabarín Club
- >> Jet lag
- >> Lista de filmes con versión en galego
- >> Mamasunción
- >> O cazador
- >> O soportal do audiovisual galego
- >> Os papeis da academia
- >> Sempre Xonxa
- >> Urxa



**Notas da sesión**

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for taking notes during the session.